




Área / Unidade DIRECCION DE ECONOMÍA, FACENDA E RÉXIME INTERIOR AD0000 GMDC	Documento AD015I003A	
Código de verificación  184X 2J6D 0M04 1K66 0E1F	Expediente AD0/2021/5	
	Fecha 10-02-2021	

CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE O CONCELLO DA CORUÑA E A EMPRESA MUNICIPAL DE AUGAS DA CORUÑA, S.A. (EMALCSA) PARA A PRESTACIÓN DE ASISTENCIA PARA A VALORACIÓN DOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN CUXA PONDERACIÓN DEPENDA DE XUÍZOS DE VALOR, XUNTO CON OUTROS INFORMES A EMITIR NA FASE DE ADXUDICACIÓN, EN DIVERSAS LICITACIÓNS TRAMITADAS POLO SERVIZO DE CONTRATACIÓN PARA ADXUDICAR CONTRATOS CUXAS PRESTACIÓNS, FINS OU NECESIDADES ADMINISTRATIVAS A SATISFACER TEÑAN RELACIÓN CO OBXECTO SOCIAL DE EMALCSA

REUNIDOS:

Dunha parte, dona Inés Rey García, alcaldesa da Coruña, que actúa en nome e representación do Concello da Coruña, con NIF P1503000J, de conformidade co que dispoñen o artigo 61 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia; os artigos 21 e 124 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local; e o artigo 24 do Real decreto lexislativo 781/1986, de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local; asistida do oficial maior, don Miguel Iglesias Martínez, quen dá fe do acto.

Doutra parte, don Jaime Castiñeira de la Torre, con DNI nº 05286354B, en virtude de escritura de poder notarial de 3 de agosto de 2007, nº 1582, (Acordos Sociais), en calidade de director xeral da Empresa Municipal de Augas da Coruña, S.A. (EMALCSA), con CIF A15031727 e domicilio social na Coruña, praza de María Pita, nº 1.

As dúas partes recoñécense entre si a capacidade xurídica suficiente e o poder bastante para obrigarse neste convenio e, para este efecto,

MANIFESTAN:

Primeiro.- Que a Concellaría de Economía, Facenda e Réxime Interior da Coruña ten entre as súas funcións, segundo o previsto no acordo de delegación de competencias da Xunta do Goberno Local adoptado o 28 de xuño de 2019, e publicado no BOP número 124 do 3 de xullo de 2019, a de exercer como órgano de contratación, facultade que leva aparelhada todos



aqueles actos e trámites que a normativa de contratos do sector público atribúe ao órgano de contratación, comprendendo entre eles os trámites detallados no citado acordo, que van en función da contía dos contratos.

Segundo.- Que a Empresa Municipal de Augas da Coruña S.A. (en adiante, EMALCSA) é unha sociedade mercantil cuxo capital pertence integramente ao Concello da Coruña e cuxo obxecto social, segundo o artigo 2 apartado 9º dos seus Estatutos sociais, está constituído polas seguintes actividades económicas, industriais e de servizos:

“1. A prestación do servizo de abastecemento de augas á cidade da Coruña e ao seu termo municipal; dentro do abastecemento compréndense as obras necesarias de captación, construción de presas, encoros, conducións, depuración, distribución e acometidas e a subministración e comercialización da auga, así como de todas aquelas accesorias, complementarias e derivadas deste servizo.

2. A prestación do servizo de rede de sumidoiros e saneamento á cidade da Coruña e ao seu termo municipal, incluíndo a depuración e eliminación das augas residuais, ou no seu caso a reutilización das mesmas unha vez depuradas, así como a realización de todas as actividades accesorias, complementarias e derivadas deste servizo.

3. Realizar toda clase de obras de instalación, captación, produción, distribución e montaxes de enerxías: eléctrica, gas ou de calquera outra, e a subministración e comercialización das mesmas e de todo canto teña relación coa rama das industrias referidas.

4. Realizar instalacións de sistemas condutores, portadores ou transportadores de sinais, imaxes ou enerxía e explotar e comercializar os servizos correspondentes.

5. Asumir a execución e xestión de servizos municipais relacionados co obxecto social e prestar a colaboración necesaria ao Concello co mesmo fin.

6. A análise, deseño e execución de novas estratexias de prestación dos servizos municipais, tanto desde o punto de vista tecnolóxico como operativo.

7. A difusión de información, coñecemento e boas prácticas así como a prestación de servizos e o desenvolvemento de actividades orientadas ao fomento da innovación, o desenvolvemento tecnolóxico, a transferencia e o uso de tecnoloxías emerxentes para o funcionamento urbano.

8. O desenvolvemento, promoción e impulso de proxectos de investigación fundamental ou industrial, desenvolvemento e innovación tecnolóxica propios ou en cooperación con profesionais, empresas e organizacións, e con Universidades e Centros de investigación ou outras entidades, co obxectivo de xerar e difundir coñecemento tecnolóxico vinculado ao funcionamento urbano.

9. A prestación de servizos de carácter técnico e operativo así como contable, fiscal, administrativo e de asesoramento, en xeral, ao Excmo. Concello da Coruña, ás sociedades ou entes públicos participados por este ou pola propia Empresa Municipal de Augas da Coruña, S.A”.

Ademais, EMALCSA conta con persoal técnico cualificado (enxeñeiros de camiños, de obras públicas, aparelladores, economistas, letrados, etc.) para a emisión de informes técnicos de valoración de ofertas conforme a criterios cuxa ponderación dependa dun xuízo de valor. O Departamento Técnico de EMALCSA conta con cualificación profesional e experiencia na valoración deste tipo de procedementos de contratación relacionados coa súa actividade ordinaria e están afeitos a valorar criterios suxeitos a xuízos de valor, de forma que están



capacitados para aportar os seus coñecementos especializados na valoración dos criterios de adxudicación.

Terceiro.- Que o Concello da Coruña está interesado, por razóns de eficacia, axilidade, así como pola especialización dos servizos, en concentrar os esforzos dos diferentes centros de traballo na preparación, no seguimento e na execución dos contratos, en evitar recargar os servizos municipais durante os trámites de valoración de criterios subxectivos e en axilizar o procedemento de adxudicación dos contratos. En base a todo iso, o Concello ten interese en que EMALCSA lle preste asistencia na fase de adxudicación, naqueles contratos cuxo obxecto estea relacionado coa actividade de EMALCSA; e nos que pola súa especial complexidade técnica, con requirimento de coñecementos ou atribucións profesionais de distintas disciplinas; ou ben polo elevado número de ofertas presentadas, se faga recomendable este asesoramento técnico, co fin último de axilizar os trámites para adxudicar e perfeccionar os contratos licitados.

Á súa vez, EMALCSA comparte un interese común co Concello, como é o de seleccionar a oferta máis vantaxosa en relación calidade-prezo nas licitacións cuxo obxecto estea relacionado directa ou indirectamente coa súa actividade polos motivos seguintes:

EMALCSA, entre outras funcións, xestiona de forma directa o ciclo integral da auga na cidade da Coruña e na súa área metropolitana así como infraestruturas de saneamento e abastecemento de auga. Polo tanto, existe un interese común en todo o que teña que ver coas instalacións que se podan ver afectadas, influídas ou melloradas polas actuacións que se leven a cabo na beira desas infraestruturas de saneamento e abastecemento de auga. Tamén hai intereses compartidos en todo o que afecta ás infraestruturas da cidade e ao mantemento da súa boa imaxe e da conservación das mesmas.

Ademais da vontade de cooperar e a dispoñibilidade administrativa e técnica para facer un uso racional dos recursos dispoñibles tanto dentro do Concello como nos entes dependentes, mediante a potenciación dos mecanismos recíprocos de autoprovisión, tamén se pon de manifesto o interese de EMALCSA por coñecer en profundidade, a través da valoración, as prescricións técnicas municipais neste tipo de contratos, así como os criterios de valoración que se aplican, co fin de unificar criterios e incorporalos aos seus futuros pregos, en tanto que ente instrumental do Concello.

Cuarto.- O artigo 157.5 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (en adiante, LCSP) establece que *“Cando para a valoración das proposicións haxan de terse en conta criterios distintos ao do prezo, o órgano competente para iso poderá solicitar, antes de formular a súa proposta, cantos informes técnicos considere precisos. Igualmente, poderán solicitarse estes informes cando sexa necesario verificar que as ofertas cumpran coas especificacións técnicas do prego.*



Tamén se poderán requirir informes ás organizacións sociais de usuarios destinatarios da prestación, ás organizacións representativas do ámbito de actividade ao que corresponda o obxecto do contrato, ás organizacións sindicais, ás organizacións que defendan a igualdade de xénero e a outras organizacións para a verificación das consideracións sociais e ambientais”.

En base a isto, cando a Mesa de contratación o considere oportuno, unha vez finalizada a apertura das proposicións técnicas dunha determinada licitación, acordará solicitar a EMALCSA o correspondente informe de valoración, incluídas as explicacións, aclaracións e xustificacións que sexan requiridas pola Mesa de contratación, sobre os criterios de adxudicación cuxa ponderación dependa de xuízos de valor, de acordo co establecido neste Convenio de cooperación. No certificado da Mesa de contratación constará a motivación da proposta formulada.

Quinto- Co fin de canalizar as condicións de prestación desa cooperación na forma prevista no ordenamento xurídico, os comparecentes subscriben o presente convenio coas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto

Constitúe o obxecto deste convenio a cooperación entre o Concello da Coruña e a Empresa Municipal de Augas da Coruña, S.A. (EMALCSA) para a realización dos informes de valoración, incluídas as explicacións, aclaracións e xustificacións que sexan requiridas pola Mesa de contratación, sobre os criterios de adxudicación cuxa ponderación dependa de xuízos de valor, xunto con outros informes a emitir na fase de adxudicación das ofertas presentadas en diversas licitacións tramitadas polo Servizo de Contratación para adxudicar contratos cuxas prestacións, fins ou necesidades administrativas a satisfacer teñan relación co obxecto social de EMALCSA, cando a Mesa de contratación o acorde unha vez finalizada a apertura das proposicións técnicas dunha determinada licitación.

Segunda.- Obrigas das partes

2.1- Incorporarase ao expediente escrito do director xeral de EMALCSA no que se indicará que EMALCSA dispón dos medios económicos, técnicos e humanos necesarios para a valoración das ofertas.

2.2- Tamén se incorporará ao expediente a declaración á que se refire o artigo 64 da LCSP sobre a ausencia de calquera conflito de intereses que puidera comprometer a imparcialidade e a independencia dos técnicos que van realizar os informes.



2.3- Polo Servizo de Contratación do Concello da Coruña se lle facilitarán a EMALCSA as ofertas presentadas para as citadas licitacións, así como os pregos reitores da contratación e todos os antecedentes e a documentación do expediente administrativo que sexa necesaria para a valoración dos criterios de adxudicación cuxa ponderación dependa de xuízos de valor, establecidos no prego de cláusulas administrativas, ou para a emisión dos informes solicitados.

2.4- EMALCSA debe emitir o informe de valoración no prazo máximo de 1 mes contado desde a recepción das ofertas. O informe será realizado por persoal técnico cualificado, debendo motivar e xustificar detalladamente as puntuacións asignadas, acompañadas do correspondente razoamento.

2.5- O persoal de EMALCSA que subscriba o informe poderá ser citado ante a Mesa de contratación para explicar o resultado do mesmo. Incluso poderá ser requirido para contestar a eventuais alegacións, reclamacións ou recursos.

2.6- A cooperación regulada a través deste convenio non implica retribución económica.

2.7- Titularidade do resultado da cooperación. O informe de valoración resultante pertencerá ao Concello da Coruña, que poderá darlle os efectos que estime oportunos, se ben a responsabilidade da súa emisión será das persoas que o subscriban.

Terceira.- Modificacións

A modificación deste convenio poderá realizarse por mutuo acordo das partes, acreditando a concorrencia de interese común, e co límite substantivo de non alterar as condicións esenciais do documento inicial, e sempre e cando o dito convenio permaneza vixente. A modificación do convenio levarase a cabo mediante addenda ao mesmo.

Cuarta.- Comisión de seguimento

Tendo en conta o establecido no artigo 49.f da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público (en adiante, LRXSP), para o bo desenvolvemento das actividades obxecto deste convenio, seguimento, vixilancia e control, establecerase unha comisión mixta, de composición paritaria, integrada por dous representantes de cada unha das entidades, que resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que poidan xurdir respecto do presente documento. Desempeñará a presidencia da Comisión de seguimento o presidente da Mesa de contratación do Concello.

Os membros da comisión poderán delegar a súa representación e voto noutra persoa da súa mesma organización. Poderán asistir á comisión como invitados, con voz pero sen voto, aquelas persoas que en cada momento se considere necesario.



O seu funcionamento acomodarse ao disposto na LRXSP.

Serán funcións desta Comisión de Seguimento as seguintes:

- Velar polo cumprimento deste convenio.
- Planificar, fomentar, supervisar e avaliar as accións e programas que se vaian emprender ao abeiro do presente convenio.
- Adoptar ou propoñer as medidas necesarias para garantir o exercicio coordinado das competencias de cada unha das partes.
- Resolver os problemas de interpretación que poidan xurdir.
- E, en xeral, as que o artigo 49.f da LRXSP lles atribúe aos mecanismos de seguimento, vixilancia e control.
- Corresponderá ao Concello a adopción das resolucións derivadas das propostas da Comisión.

Quinta. - Duración do convenio e vixencia

O presente convenio xurdirá efecto a partir da data da súa sinatura e manterase ata o cumprimento dos compromisos e obrigas asumidos no mesmo.

Establécese unha duración inicial máxima de dous anos, salvo prórroga expresa antes da súa finalización respectando en todo caso o límite temporal do artigo 49, letra h) da LRXSP.

Sexta.- Extinción e efectos

O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto, polo incumprimento desas mesmas ou por incorrer nalgúnhas das causas de resolución (son causas de resolución as sinaladas expresamente no artigo 51 da citada LRXSP), así como pola entrada en vigor de disposicións legais ou regulamentarias que determinen a súa extinción.

O incumprimento e a resolución do convenio dará lugar á liquidación do mesmo, co obxecto de determinar as obrigas e compromisos de cada unha das partes, tendo en conta o disposto no artigo 52 da LRXSP.

Sétima.- Publicidade e transparencia

Este convenio de cooperación será obxecto de publicación na sede electrónica de ambas as dúas entidades participantes.

Oitava.- Protección de datos de carácter persoal e privacidade

As partes comprométese a respectar en todo momento a normativa vixente en materia de protección de datos de carácter persoal no contexto da operación deste convenio. Os datos



persoais dos asinantes do presente convenio, así como os relativos ás persoas de contacto en cada entidade, serán incluídos nos ficheiros das partes intervenientes co fin de xestionar e cumprir a relación establecida.

EMALCSA, co domicilio expresado ut supra e responsable de ficheiros, garante aos representantes e interlocutores do Concello da Coruña o tratamento dos seus datos de conformidade co previsto na lexislación vixente, comprometéndose á utilización dos datos incluídos no ficheiro de acordo coa finalidade do mesmo e a respectar a súa confidencialidade, coa condición prevista no parágrafo seguinte.

Con todo, en relación aos datos do representante legal, EMALCSA, como suxeito incluído dentro do ámbito de aplicación da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, está obrigada a facer pública, así como a publicar na correspondente sede electrónica, a relación dos convenios subscritos, con mención das partes asinantes, o seu obxecto, prazo de duración, modificacións realizadas, obrigados á realización das prestacións e, no seu caso, as obrigas económicas convidadas.

Pola súa banda, o Concello da Coruña deberá garantir aos representantes e interlocutores de EMALCSA o tratamento dos seus datos de conformidade co previsto na lexislación vixente, comprometéndose á utilización dos datos aos que acceda de acordo coa finalidade do ficheiro que lles sexa informada, e a respectar a súa confidencialidade.

O Concello da Coruña garantirá aos representantes e interlocutores de EMALCSA o exercicio dos dereitos de acceso, rectificación, oposición, supresión, limitación do tratamento e portabilidade que lles corresponden, que se poderán exercer ante o Rexistro Xeral do Concello da Coruña (praza de María Pita, 1) ou a través da Sede electrónica (<https://sede.coruna.gob.es/>), nos termos establecidos na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, achegando, en ambos os casos, unha carta asinada polo titular dos datos, con indicación do seu domicilio, así como unha copia do seu Documento Nacional de Identidade ou outro documento acreditativo.

Novena.- Natureza do convenio

O presente documento ten natureza administrativa e non lle resulta de aplicación a LCSP, á vista do disposto no apartado 1 do artigo 6 da devandita lei, que sinala que quedan excluídos do ámbito da mesma os convenios cuxo contido non estea comprendido nos contratos regulados nesta lei ou en normas administrativas especiais, celebrados entre si polas entidades locais e as entidades con personalidade xurídico-pública delas dependentes e as entidades con personalidade xurídico-privada, sempre que, neste último caso, teñan a condición de poder adxudicador, quedando a súa exclusión condicionada ao cumprimento das condicións detalladas no citado artigo, que se cumpren no presente caso.



As partes comprométense a resolver de xeito amigable calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento do presente convenio a través da Comisión de seguimento constituída.

O convenio rexerese pola Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, así como pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, así como polas restantes disposicións de concordante e xeral aplicación, sendo competente para entender nos litixios que puidesen xurdir a Xurisdición Contencioso-Administrativa.

E, en proba de conformidade cos termos expostos, as partes comparecentes asinan o presente convenio, na Coruña, na data da sinatura electrónica que figura neste documento, ante min, o oficial maior, que dou fe.

Polo Concello da Coruña

Por EMALCSA

D^a. Inés Rey García
Alcaldesa

D. Jaime Castiñeira de la Torre
Director xeral

O oficial maior

D. Miguel Iglesias Martínez